

Un dos cambios máis significativos das persoas con discapacidade intelectual é o aumento da súa esperanza de vida. Vivir moitos anos e envellecer ben vai ligado á planificación de servizos e actividades que sigan promovendo a autonomía e a prevención da dependencia.

Para tal fin, as entidades Down de Galicia crearon unha Comisión de Envellecemento que ten dado os seguintes pasos ata o momento actual:



As persoas con discapacidade intelectual (non síndrome de Down) experimentan un proceso de envellecemento prematuro e acelerado. Mentres que entre a poboación xeral o proceso de envellecemento dá comezo aos 65-70 anos, nas persoas con discapacidade intelectual iníciase entre os 45-50 anos, empezando a presentar trazos típicos da poboación envellecida.

Deste xeito, é preciso levar a cabo un exhaustivo control médico que teña en conta os problemas clínicos desde que son persoas adultas ata a etapa do envellecemento.

Este proceso comporta cambios a nivel biolóxico, psicolóxico e social e, no caso das persoas con discapacidade intelectual, este tipo de cambios aparecen con máis prontitude.

A aparición de signos relacionados co envellecemento atópase enormemente condicionado polas situacións acaecidas na persoa ao longo do seu ciclo vital, e os problemas de saúde adoitan verse incrementados.

MÁIS INFORMACIÓN

- [Web Federación Down Galicia](#)
- Guía ["O proceso de envellecemento das persoas con discapacidade intelectual"](#) · Down Galicia
- Libro "Estudio Discapacidad y envejecimiento" · Enrique Berjano

